



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

298

Qué carallo ()
ir a Vuria ás patacas
deixandonas en Xaviña
un pouquiño máis baratás.

O cura de San Martiño
tén a camisa rachada
que lle racharon as silvas
a correr atrás da criada.

Ai e pois eso foi mentira
que mo dixo a min ela
que lla rachou a maestra
de Suso para que non case nela.

“Madre, me quiero casare
que me pica el chiriví.”
“Aghuantate un poco, hija
que también me pica a mí.”

Se che pica a fandanca
tiñas que ter muita pasensia
e tamén picou a mín,
per' era de comenencia.

1727

“Miña nai quero casarme
muito me com'o ratín.”
“Rásca-los filla del alma
que tamén me com'a minhe.”

Cando vaias á igrexa
non faghas de sacristán
d' andar escoba no cú
e unha vela na man.

Non seas enterradore
deixad' eso das sepelturas
bébell' o aceit' ós Santos
e déixalo ás escuras.



Todo se volve tonterías
haber mulleres preñadas
esto d' andar nestas cousas
todo é de rapasadas.

1728a

Miña nai quero casar
o corpo quer mätrimonio
xa tén a faldra rachadã
de rascar naquel demonio.

Eu pedínllo a unha nena
na canseliña do prado,
respondium' a picarona
que taba o campo mollado.

Unhas secas, outras verdes,
outras quentando as canelas,
outras por trás da parede,
todas andan rascando nelas.

Viña unha muller cun fillo,
ela díxollo á nai,
si Dios quere, nesta vida,
outro fillo non o fai.

Teño unha nena parida
e outra téñoa preñada.

Teño unha nena parida,
no lugar de Chafaríns
catro no Chan de Barcala,
catorse no meu país.

206b

() mo-las mulleres
Carnés é terrã de Dios
que sementou o trigho tarde
colleo a canda nós.